

MANUAL DE USO

Ai falaches!

MATERIAIS ELABORADOS DURANTE UNHA LICENZA
POR FORMACIÓN

CURSO 21/22

Juan Carlos Montejano Rivas
María do Pilar Buela Piedra

O que tes diante é un material dixital, é dicir, para traballar usando un ordenador ou unha pizarra dixital. En concreto trátase dunha unidade didáctica elaborada cunha ferramenta que se chama EXE-LEARNING. O seu uso é moi fácil e intuitivo e agora pasamos a explicarcho a través dunhas capturas de pantalla que che mostren como funciona:

Ao material podes chegar de varias maneiras:

-ou ben tes descargado o zip no teu ordenador e accedes ao material na icona **index.html** (ver documento técnico)



-ou ben accedes a el a través da internet, por exemplo, da páxina do repositorio Abalar, e só tes que facer clic en VER

Unha vez dentro ten este aspecto xeral:

ÍNDICE DE CONTIDOS

A captura de pantalla mostra a interface de usuario do material didáctico. No canto superior dereito, hai un botón 'Seguinte'. O título principal da unidade é 'Aí falaches!'. A esquerda, un menú vertical lista os seguintes elementos: 'Aí falaches!', 'Que vas atopar neste traballo?', 'Os nosos personaxes', 'Os fraseoloxismos', 'Actividades de fraseoloxía', 'Créditos' e 'Guía didáctica'. O contido principal da páxina presenta un collage de fotografías de bocas e dentes en diferentes tons e perspectivas, con o texto 'Aí falaches!' superposto no centro. Na parte inferior dereita do collage, aparecen os nomes dos autores: 'Juan Carlos Montejano' e 'Pilar Bueta'.

Cada vez que picas nun dos epígrafes de contidos, despréganse debaixo del tódolos subapartados que podes atopar dentro. Para acceder a eles e velos despregados na área de traballo, só tes que picar enriba. Deste xeito poderás ir navegando por toda a unidade didáctica.



Aí falaches!

Anterior Seguinte

Aí falaches!
Que vas atopar neste traballo?
Os nosos personaxes
Os fraseoloxismos
A METEOROLOXÍA
Frio e calor
Chuvia e sol
Raios e tronos
Xeo e sarabia
ACTIVIDADES
PARA SABERMOS MÁIS
O SECTOR PRIMARIO
AS CONSTRUCIÓNS TRADICIONAIS
OS ANIMAIS
OS ALIMENTOS
AS PARTES DO CORPO
Actividades de fraseoloxía
Créditos

A METEOROLOXÍA

Menú

A **meteoroloxía** é a ciencia encargada do estudo do tempo atmosférico. Entendemos por este a situación da atmosfera nun momento e lugar determinado.


Os **datos meteorolóxicos** recóllense a partir da medición da temperatura, presión, humidade, dirección e forza do vento, precipitación, así como da medición das horas de sol, da nebulosidade, cómputo de días de orballo, xeadas, neve, néboa ou treboada.

Para obter estes datos usamos **distintos aparellos** que se soen atopar en estacións ou en casetas meteorolóxicas: termómetro, barómetro, cataventos, anemómetro, pluviómetro...

Non debemos confundir os conceptos de **tempo e clima**. O primeiro designa o estado da atmosfera nun determinado momento nun lugar concreto, mentres que o clima fai referencia á sucesión periódica de tipos de tempo nun lugar ao longo de moitos anos.

Fixate como ao picar en "A METEOROLOXÍA" se despregaron todos os subepígrafes que hai dentro deste apartado.

Para poder ter acceso a tódolos contidos deberás estar conectado a internet, xa que hai algúns que están enlazados e, se non estiveses conectado, non poderás velos. Este é o caso das actividades feitas coa plataforma educativa Educaplay, todas elas dentro do apartado *Actividades*, tal e como podes ver na ilustración:



Relaciona estes topónimos coa actividade económica correspondente

Sector primario

Actividade relacionada co sector primario

03:00
TEMPO MÁXIMO

2
NÚMERO DE INTENTOS

Fai clic aquí para identificarte

Comezar

Autor: Juan Carlos Montejano